

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA PARALIZAR O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CÍVICO EN ULTRAMAR E OPTAR POLA COMPRA DUN LOCAL PARA A ASOCIACIÓN VECIÑAL**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para paralizar o proxecto de construción dun centro cívico en Ultramar e optar pola compra dun local para a Asociación Veciñal.

### **Exposición de motivos**

A dinamización social exercida polas entidades veciñais supón un papel fundamental no desenvolvemento da vida persoal dos nosos veciños e veciñas, na mellora das relacións persoais e na sensación de pertenza a un colectivo.

No barrio de Ultramar viven máis de 5000 veciños e veciñas e, actualmente, a súa Asociación Veciñal tan só dispón dun local diminuto e en nefastas condicións para realizar a súa actividade. Isto pon de manifesto unha realidade que non se pode negar: Ultramar precisa dun local social en condicións que sexa capaz de albergar o seu traballo e as actividades propias dunha entidade veciñal.

Esta demanda xa ven de lonxe, no mandato 15/19 estaba en curso un proceso dende a Área de Patrimonio para dotar dun local a esta Asociación, mesmo coa valoración económica feita a través dun contrato menor e cun prego de prescricións que, pese a ter defectos formais detectados na súa elaboración, podería retomarse, corrixiarse e proceder á súa adxudicación.

Sen embargo, o goberno municipal actual ten outros planes, por un lado, paralizou o expediente de compra dun local, e por outra banda, iniciou un procedemento para expropiar os terreos que se atopan entre a rúa Brasil e a rúa Bolivia para a futura construción dun centro cívico que albergue á Asociación Veciñal.

Os veciños e veciñas do barrio opóñense a esta obra e a calquera outra construción neste espazo e apostan por conservar estes terreos coma zona verde, co seu consecuente mantemento e conservación.

Por este motivo, Ferrol en Común presenta esta moción, porque hai alternativas moito máis viables para dotar dun local social á AVV de Ultramar e que contentan tanto á veciñanza coma a propia a Asociación, coma é a compra dun dos numerosos locais baleiros que se atopan no barrio, cuestión que ademais axuda á economía local.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Paralización do futuro proxecto de construción dun centro cívico entre as rúas Bolivia e Brasil, con inicio de modificación do PXOM para reconverter a parcela en zona verde.
2. Recuperación do expediente de adxudicación dun local para a AVV de Ultramar que responda ás necesidades de espazo do seu barrio.

Ferrol, 23 de setembro de 2021

Jorge Suárez Fernández  
Voceiro do GM Ferrol en Común